

# DÍA DE ROSALÍA

O día 23 de febreiro cómprese 189 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un dos piares imprescindibles no Rexurdimento poético da nosa lingua e para celebralo faremos unha homenaxe a través dun *Concurso Artístico de Creación Propia*. Para a elaboración destas creacións partiremos da inspiración da NATUREZA, igual que inspirou a Rosalía nalgunhas das súas composicións.

“Maio longo..., maio longo,  
todo cuberto de rosas:  
para algús, telas de morte;  
para outros, telas de bodas”

*Follas novas, II*

## BASES

**PARTICIPANTES:** Todo o alumnado de ESO e Bacharelato.

**TIPOS DE CREACIÓNS:**

Haberá **2 modalidades:**

**A. Haikus (para 1º ESO):**

- Comporás **3 haikus**.
- Poderán presentarse en **formato dixital** ou **manuscritos**.
- Presentaranse **nun folio** e en **lingua galega**.
- Meteralos nun sobre aberto que levará escrito, na parte frontal, o pseudónimo.
- Dentro do sobre debes incluír, tamén, un papel, perfectamente dobrado, no que apareza o teu nome e o teu curso de referencia.
- O sobre depositaralo nunha caixa de correo habilitada, na biblioteca, para este fin.

**B. Recollida de planta silvestre e composición poética (para os restantes cursos):**

- Elixirás unha **planta do teu entorno** (mellor silvestre).
- Pegarás a **planta no lado esquerdo dunha cartolina** que che proporcionará a profesora.
- Na **parte superior da cartolina** deberá aparecer o **nome común da planta** que pegaches.
- No **lado dereito** escribirás unha pequena **composición poética** (10-12 versos).
- As composicións deberán presentarse en **lingua galega e manuscritas**.
- Irán asinados cun pseudónimo d@ autor/a na parte de atrás da cartolina.
- Na caixa de correo habilitada para este fin depositarás a cartolina e un sobre; este irá identificado co teu pseudónimo e dentro levará un papel no que apareza o teu nome e o teu curso.

**PRAZOS E FASES DO CONCURSO:**

- As caixas (unha para os haikus e outra para as composicións poéticas das plantas) estarán dispoñibles **dende o mércores 21 de febreiro** ata o **xoves 29 de febreiro**, ambas datas incluídas.
- Un xurado formado por profesores de diferentes departamentos, seleccionará os traballos gañadores.
- A **entrega de premios** será o **mércores 6 de marzo**, durante o recreo, **na biblioteca**.

**PREMIOS:**

- Primeiro premio, á mellor creación artística.
- Segundo premio, á mellor creación artística.
- Terceiro premio, á mellor creación artística.

